



## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

#### Augas de Galicia

#### Servizo Territorial da Zona Galicia Norte

*DH.W15.75812. Mellora de camiños. Concello de Bergondo*

#### SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

#### ANUNCIO

Concello de Bergondo, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes de varios ríos, a autorización de obras, en varias parroquias do Concello de Bergondo (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.75812.

As obras solicitadas consisten na execución do proxecto: "Mellora de camiños con aglomerado asfáltico o riega asfáltica nas parroquias de Cortiñan, Guisamo, Vixoi, Bergondo, Lubre, Moruxo, Ouces".

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Bergondo ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 23 de marzo de 2021

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias (sinatura dixital ao marxe)

2021/2421